

REXISTRO CIVIL DE FERROL

INFORMACION E DOCUMENTACIÓN QUE É PRECISO ACHEGAR PARA INICIAR EXPEDIENTE DE MATRIMONIO CIVIL:

-PARA OS/AS DOUS/DÚAS CONTRAENTES (EN TODOS OS CASOS):

1. **INSTANCIA** debidamente cumprimentada.
2. **DNI ou PASAPORTE ou NIE** en vigor [TANTO OS ORIXINAIS COMA AS RESPECTIVAS FOTOCOPIAS dos contraentes e testemuñas.]
3. **CERTIFICADO LITERAL DE NACEMENTO**, expedido con antelación inferior a un ano polo rexistro civil do lugar de nacemento.

[AS PERSOAS NACIONALIZADAS DEBERÁN ACHEGAR SÓ O CERTIFICADO DE NACEMENTO ESPAÑOL.]

4. **CERTIFICADO ACTUAL DO PADRÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FERROL.**

5. **SOLTEROS/AS ESTRANXEIROS/AS:** Certificado de capacidade matrimonial ou certificado de soltería, segundo o que estableza a lei do seu país.

6. **DIVORCIADOS/AS OU ANULADOS/AS ESPAÑOIS:** certificado literal do matrimonio anterior, con anotación marxinal do divorcio ou a nulidade.

7. **VIÚVOS/AS ESPAÑOIS:** certificado literal do matrimonio anterior e mais certificado literal de defunción do/a cónxuxe finado/a.

8. **DIVORCIADOS/AS OU ANULADOS/AS EXTRANXEIROS/AS:** certificado do matrimonio anterior, con anotación marxinal do divorcio ou a nulidade LEGALIZADO.

9. **VIÚVOS/AS EXTRANXEIROS/AS:** certificado legalizado do matrimonio anterior e mais certificado legalizado de defunción do/a cónxuxe finado/a.

10. **OS MENORES DE IDADE:** Deberán obter, con carácter previo á presentación dos documentos para o matrimonio:

- ou ben a emancipación entre os 16 e os 18 anos (que deberá constar inscrita como nota marxinal da inscrición de nacemento);

- ou ben a dispensa de idade (a partir dos 14 anos).

11. **ASILADOS/AS OU REFUXIADOS/AS:** Deberán presentar certificado da Dirección Xeral da Policía, do ACNUR, da Cruz Vermella ou dos organismos correspondentes, no cal consten os datos persoais da persoa interesada, que acredite tal condición.

NOTA IMPORTANTE:

1. Toda a documentación, sexa cal sexa, que estea en lingua estranxeira debe estar acompañada dunha TRADUCIÓN ao castelán realizada por tradutor xurado.

[INFÓRMESE AO RESPECTO NO SEU CONSULADO OU NO MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES DE ESPAÑA.]

O/A contraente que non se comunique en castelán deberá comparecer sempre no rexistro civil con tradutor xurado.

2. Deberán ter claro no momento de presentar a documentación o lugar onde van celebrar o matrimonio.
3. Non deben fixar a data de celebración antes de finalizado o expediente.
4. No Rexistro Civil de Ferrol celébranse vodas, sempre en xoves e/ou venres, en horario de mañán.

Sección de Expedientes:

Teléfono: 981 337 355

Correo electrónico: registrocivil.ferrol@justicia.es